

## 4º ESO



O alumnado poderá escoller entre: **Matemáticas A** e **Matemáticas B**.

Ambas opcións comparten en torno a un 80% do temario.


Nas matemáticas B o afondamento e a profundización é maior ca no caso das Matemáticas A. Poderíamos dicir que “**as Matemáticas A están máis orientadas cara o estudo posterior dun ciclo de formación profesional ou un itinerario de Bacharelato sen Matemáticas e, pola contra, as Matemáticas B están máis orientadas cara o Bacharelato**”

Cómpre aclarar que o feito de  **cursar as Matemáticas A non impide**, en ningún caso,  **cursar Bacharelato con Matemáticas**.

## 1º BACH

Dependendo do itinerario escollido, o alumnado cursará **Matemáticas I** ou **Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I**.

O alumnado que curse **Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I** cursará, **obrigatoriamente, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II**. Pola contra, aquel alumnado que curse **Matemáticas I** poderá **elixir entre Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II**. Esta elección deberá ser tomada en función das optativas de ABAU que máis ponderen para o grao que desexe cursar.



## 2º BACH

O IES Mendiño ofrece a materia de libre configuración autonómica de **Métodos Estadísticos e Numéricos (MET)**, de 4 horas semanais.

MET comparte moitos contidos con MAT II e MAT CCSS II, o que permite abordar ese contidos con mais tempo. **Cursar a materia de Métodos permite ao alumando de MAT II presentarse ao exame de ABAU de MAT CCSS II.**

A **Estatística** é unha materia presente nos primeiros cursos de moitos dos graos universitarios e a materia de MET ofrece unha moi boa base para elas.

